

Programa de linguas da UAB

Unha aposta estratéxica no multilingüismo

(Acordo do Consello de Goberno de 17 de xullo de 2008)

Índice

1. Introducción.....	3
1.1 Misión e visión	3
1.2. Punto de partida.....	3
1.3. Ideas chave	3
2. Ámbitos e liñas de traballo	5
2.1. Ámbito institucional e de xestión.....	5
2.2. Ámbito da docencia.....	6
2.3. Ámbito da acollida lingüística e cultural.....	6
2.4. Ámbito da pescuda	7
3. Actuacións	8
4. Avaliación e seguimento	13
5. Desenvolvemento e soporte técnico.....	13

1. Introducción

1.1 Misión e visión

Misión

A política lingüística da UAB é unha aposta comprometida para dar resposta ás necesidades de xestión do multilingüismo que representa o Espazo Europeo do Coñecemento nos campos do emprego, a calidade e o coñecemento lingüísticos.

Esta aposta fica concretada no desenvolvemento dun modelo de universidade plurilingüe, que aplica como linguas de emprego habitual o catalán, o castelán e o inglés, co status que lle corresponde a cada unha delas, e promove a competencia plurilingüe e multicultural da comunidade universitaria.

Visión

A UAB quere ser recoñecida como:

- A institución que conta o multilingüismo entre os seus principais trazos de identidade e a súa cultura organizativa.
- A institución que recoñece e valora o capital lingüístico da comunidade universitaria e potencia o plurilingüismo das persoas que fan parte dela.
- O referente local e internacional na construción e aplicación dun modelo de xestión do multilingüismo na universidade.

1.2. Punto de partida

A UAB ten un compromiso social coa lingua catalá, como lingua propia que é de Catalunya, e oficial xunto co castelán; un compromiso que deriva do cadro legal e da vocación da Universidade. Ao mesmo tempo fai unha aposta na proxección internacional da Universidade e nun campus plurilingüe.

Estes dous obxectivos teñen de se reforzar mutuamente: a lingua catalá non soamente pode ser desenvolvida nun cadro en que sexa potenciado o multilingüismo, senón que o multilingüismo ten de tornar un dos trazos de identidade da UAB¹.

1.3. Ideas chave

O Programa de linguas é articulado a partir de tres ideas chave:

- a) a definición dun horizonte de multilingüismo para o grao e para o posgrao,
- b) a promoción do plurilingüismo no aula e a transparencia informativa,
- c) a regulación do multilingüismo nas comunicacións institucionais.

¹ Neste documento, o concepto *plurilingüismo* fai referencia ás competencias das persoas, e o concepto *multilingüismo* á coexistencia de máis dunha lingua na institución. Pode consultarse unha definición máis detallada dos termos no documento *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* (2002), elaborado polo Consello de Europa.

A definición dun horizonte de multilingüismo para o grao e para o posgrao

O proceso de internacionalización da UAB e a adaptación ao cadro que establece o EEES configuran un escenario duns estudos de grao, con saídas profesionalizadoras, que acollen maioritariamente estudantes locais (tirando algunhas titulacións que atraen un número importante de estudantes foráneos), e uns estudos de posgrao caracterizados nunha grande parte pola mobilidade do alumnado.

Neste contexto cómpre definirmos un horizonte lingüístico para o grao en que o catalán sexa a lingua de uso predominante, e en que o castelán e o inglés, nomeadamente, mais tamén outras linguas, estean presentes. Canto ao posgrao, cómpre definirmos un horizonte máis diversificado de acordo coas tipoloxías da oferta de estudos (másteres oficiais, posgraos propios; orientación profesionalizadora, de pescuda; oferta con vocación internacional/con vocación local, etc.) e as especificidades de cada caso, en que, en termos xerais, o inglés e o castelán teñan unha presenza máis importante do que no grao, aínda que o seu papel sexa variábel segundo o campo do coñecemento, e en que o catalán sexa de emprego predominante naqueles campos do coñecemento intimamente vinculados ao territorio e ao enriquecemento educativo, social ou cultural do país.

A promoción do plurilingüismo no aula e a transparencia informativa

Cómpre promovermos o plurilingüismo dentro do aula conforme o horizonte de multilingüismo que for definido para formar persoas con competencias plurilingües, un dos valores que ten de representar o feito de estudaren na UAB. Neste contexto, cómpre garantirmos a transparencia informativa sobre o modelo lingüístico da Universidade e os dereitos lingüísticos da comunidade universitaria.

A regulación do multilingüismo nas comunicacións institucionais

A complexidade dos usos lingüísticos nas comunicacións institucionais que xera a Universidade require un desenvolvemento do cadro legal (EAC, LPL, LUC, Estatutos da Universidade) que estableza o catalán como lingua propia e o catalán e o castelán como linguas oficiais. Neste desenvolvemento terían de ser concretados os contextos de emprego do catalán e o castelán en casos que o cadro legal non prever ou en que este non for definido abondo, e introducir os contextos de emprego do inglés como lingua institucional e de traballo, os status do resto de linguas oficiais en Catalunya e no estado español (occitano aranés, éuscaro e galego), os contextos de emprego doutras linguas que poden ser estratéxicas para a proxección internacional da UAB (francés, chinés e mandarín, etc.) e os contextos en que puider ser apropiado o emprego doutras linguas para atender a diversidade da comunidade universitaria e garantir a accesibilidade universal (lingua de signos catalá, outras linguas propias ou primeiras da comunidade universitaria alén das mencionadas anteriormente).

2. Ámbitos e liñas de traballo

Os obxectivos específicos e actuacións do Programa de linguas, o documento cadro sobre a política lingüística da UAB, fican agrupados en catro grandes ámbitos de aplicación:

1. Ámbito institucional e de xestión
2. Ámbito da docencia
3. Ámbito da acollida lingüística e cultural
4. Ámbito da pescuda

2.1. Ámbito institucional e de xestión

Os obxectivos específicos neste ámbito son os seguintes:

(1) Definir as linguas que se teñen de empregar en diferentes contextos, nas comunicacións institucionais externas. Por exemplo, nos documentos informativos e de promoción da UAB (guías, folletos de difusión, publicidade comercial, etc.): emprego do inglés e doutras linguas estratéxicas para as zonas onde se quere proxectar a UAB. Nos documentos oficiais (certificado académico, certificado de estadía noutra universidade, etc.): emprego do inglés e das outras linguas oficiais na Catalunya e no estado español, xunto co catalán, como lingua predeterminada.

(2) Definir en que contextos é axeitado o emprego doutras linguas alén do catalán, o castelán e o inglés nas comunicacións internas, tendo en conta a diversidade lingüística e cultural do campus: comunicacións sobre a seguridade e os dereitos das persoas, como por exemplo un protocolo de autoprotección ou de evacuación do edificio, a información do seguro escolar, etc.

(3) Garantir a calidade lingüística das comunicacións institucionais de xeito sostíbel.

(4) Favorecer a transparencia informativa: dar a coñecer os criterios establecidos no que fai á política lingüística universitaria mediante canles formais e de xeito periódico.

(5) Informar o alumnado das linguas nas cales ten de poder expresarse e das linguas que ten de comprender para seguir cada materia. Do mesmo xeito, cómpre facilitarmos ao alumnado a información sobre as linguas de docencia de cada grupo de aula segundo unha "escala de multilingüismo": linguas dos materiais de soporte para o estudo, linguas dos traballos que fan os alumnos, etc.

(6) Potenciar o coñecemento de linguas entre o persoal da UAB:

— O persoal académico e o persoal de administración e servizos teñen de posuír un nivel suficiente de lingua catalá e castelá, segundo o cadro legal.

— O persoal académico e o persoal de administración e servizos teñen de posuír un determinado nivel de competencia lingüística en inglés, segundo os perfís dos postos de traballo e as necesidades ou especificidades de cada un dos casos.

— Cómpre podermos recoñecer as competencias plurilingües do persoal académico e do persoal de administración.

2.2. Ámbito da docencia

Os obxectivos específicos neste ámbito son os seguintes:

(1) Definir un nivel de saída en catalán, castelán e inglés para os estudos de grao. Cómpre estudarmos se ten de ser definido un nivel de entrada en inglés para os másteres, e de catalán e castelán para o grao.

(2) Incluír a aprendizaxe de competencias lingüísticas no currículo dos estudantes mediante a integración de contidos e lingua e a formación especificamente lingüística. Destas competencias lingüísticas, cómpre destacarmos as seguintes:

— Competencias lingüísticas comunicativas (comunicación oral e escrita) en linguas catalá e castelá para usos profesionais e académicos (exposición oral, argumentación, etc.).

— Competencias lingüísticas comunicativas (comunicación oral e escrita) en lingua inglesa para usos profesionais e académicos.

— Competencia en inglés como lingua xeral para o alumnado que precisar de ramplas compensatorias para atinxir o nivel de saída.

— Competencia en catalán e castelán como lingua xeral para o alumnado internacional e do estado español procedente de territorios de fala non catalá.

— Competencias interculturais que preparen o alumnado para se relacionar en ambientes multiculturais (no ámbito da empresa, na atención aos usuarios ou clientes, etc.).

Do mesmo xeito, cómpre promovermos a elaboración e difusión de recursos lingüísticos e de materiais que fomenten o traballo autónomo, tanto de estudantes canto de docentes.

(3) Dar un pulo á avaliación formal das competencias lingüísticas.

(4) Fomentar o emprego da lingua catalá na docencia de grao e posgrao.

(5) Promover o soporte ao persoal docente que incorporar o ensino de terceiras linguas na docencia mediante a integración de contidos e lingua.

(6) Incentivar o plurilingüismo no aula: diversificar lingüisticamente as materias.

(7) Familiarizar os estudantes locais coas linguas e culturas da poboación inmigrada.

2.3. Ámbito da acollida lingüística e cultural

Os obxectivos específicos neste ámbito son os seguintes:

(1) Informar eficazmente os estudantes de mobilidade da situación sociolingüística do país e do ámbito universitario antes de viren á UAB e unha vez chegados (comunicación coas universidades de orixe, xornadas de benvida, obradoiros, etc.).

(2) Fomentar o coñecemento da cultura e a lingua catalás entre as persoas acabadas de chegar (estudiantado, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador).

(3) Favorecer un ambiente multilingüe (acollida lingüística e cultural, espazos de intercambio e de interrelación, etc.) que potencie a internacionalización na casa.

2.4. Ámbito da pescuda

Os obxectivos específicos neste ámbito son os seguintes:

(1) Promover a divulgación científica que favoreza, simultaneamente, o emprego de terceiras linguas e do catalán.

(2) Promover o emprego do catalán na pescuda e nas publicacións.

(3) Dar soporte á revisión lingüística de artigos en catalán e tamén noutras linguas antes de estes seren publicados.

(4) Promover accións formativas dirixidas ao persoal docente e investigador co obxectivo de preparar, redactar e comunicar traballos de pescuda en linguas estranxeiras.

(5) Dar soporte á elaboración de materiais de referencia en diversas linguas (vocabularios e terminoloxía específica multilingües, traducións de textos de referencia, etc.).

3. Actuacións

As principais actuacións previstas para o período 2008-2010 son as que se indican a seguir:

Ámbito	Obx.	Núm. actuación	Actuación	Ano
Xer.	-	-	Redefinir a política de liñas de axuda para servizos ligados á lingua, nomeadamente no caso das traducións, co fin de estas liñas de axuda contribuíren a acadar os obxectivos do Programa.	2008
Ámbito institucional e de xestión				
1	1	1	Dispor dun documento de criterios de emprego institucional nas comunicacións institucionais externas	2008
1	2	2	Facer un estudo sobre as linguas da comunidade universitaria	2009
1	2	3	Dispor dun documento de criterios de emprego institucional nestas comunicacións institucionais internas	2009
1	3	4	Definir un baremo para determinar o grao de calidade dos documentos partindo de diversos elementos: importancia, grao de institucionalidade, urxencia, etc.	2008
1	3	5	Dispor dun sistema de revisión e tradución que permita garantir a calidade dos documentos producidos na UAB, nomeadamente dos producidos nos centros	2010
1	3	6	Soporte á corrección e tradución de textos institucionais	2008
1	4	7	Dispor dun documento público (na rede) divulgativo sobre a política lingüística da Universidade en diferentes linguas	2008
1	4	8	Difundir (intranet, rede, comunicacións electrónicas) as actuacións en política lingüística, en canles sectoriais e nun espazo permanente para o Programa de linguas	2008
1	5	9	Dar directrices aos centros para recolleren e forneceren a información	2008
1	5	10	Elaborar e difundir un modelo que recolla a escala de multilingüismo	2009
1	6	11	Definir lingüisticamente os postos de traballo do PAS	2009
1	6	12	Estabelecer un nivel de inglés como condición xeral para o persoal	2010
1	6	13	Estabelecer un programa de formación en inglés para o PAS	2008-2009
1	6	14	Estabelecer un programa de formación en inglés para o PDI	2008-2009
1	6	15	Estabelecer o coñecemento doutras linguas como mérito e un programa de formación noutras linguas	2008-2009
1	6	16	Elaborar un relatorio sobre as posibilidades de recoñecemento de méritos lingüísticos do persoal académico	2010
Ámbito da docencia				
2	1	17	Definir o nivel inicial de inglés para o grao	2008-2009
2	1	18	Definir se é establecido un nivel de inglés de entrada para os másteres, e de catalán e castelán para o grao	2009
2	2	19	Formalizar o recoñecemento das competencias lingüísticas no currículo do estudante	2008-2009
2	2	20	Manter unha política de subvención para a oferta de	2008

			formación en lingua catalá para a comunidade universitaria	
2	3	21	Promover o emprego de probas de detección do nivel de inglés entre o estudantado de novo acceso e, se posíbel, tamén de catalán e castelán	2009
2	3	22	Promover o emprego de probas de coñecemento do inglés e, se posíbel, doutras linguas, que permitan acreditar o nivel atinxido nesta lingua ao finalizar os estudos universitarios	2009
2	4	23	Definir o horizonte de docencia en catalán para o grao	2008-2009
2	4	24	Introducir este horizonte como obxectivo nos acordos de planificación cos centros e os departamentos	2009
2	4, 6	25	Elaborar un estudo sobre os empregos lingüísticos na docencia de grao e dos másteres oficiais	2009
2	5, 6	26	Ofertar formación e programas de soporte personalizados ao persoal docente que quixer incorporar o ensino de terceiras linguas na docencia mediante a integración de contidos e lingua e fomentar a competencia plurilingüe do alumnado	2008
2	5, 6	27	Elaborar unha guía dirixida ao persoal docente con criterios ou orientacións para a xestión do multilingüismo no aula	2009
2	5, 6	28	Estudar e aplicar incentivos para o persoal docente que incorporar o multilingüismo no aula e que fomentar a competencia plurilingüe do alumnado	2010
2	6	29	Promover o desenvolvemento e o emprego de aplicacións de tecnoloxía lingüística para facilitar o multilingüismo na documentación académica	2008
2	7	30	Ofertar materias de universidade sobre a lingua e a cultura da poboación inmigrada dirixidas aos estudantes locais.	2009
Ámbito da acollida lingüística e cultural				
3	1	31	Revisar as canles de información e definir as ideas claves da información sobre a política lingüística e a situación sociolingüística	2008
3	2	32	Incentivar a aprendizaxe do catalán entre o estudantado acabado de chegar: subvención da matrícula dos primeiros niveis e recoñecemento de créditos	2008
3	2	33	Soporte á aprendizaxe do catalán entre o estudantado acabado de chegar: subvención do 50% da matrícula (un nivel por ano académico) e recoñecemento de créditos	2008
3	2	34	Promover o coñecemento e a experimentación da cultura propia mediante a elaboración e a difusión de produtos e a organización de actividades (guía <i>80 pistas</i> , guías de conversa universitaria, actividades culturais e de lecer, etc.)	2008
3	2	35	Experimentar coa oferta de cursos que integren a aprendizaxe do catalán e o castelán para o estudantado acabado de chegar	2010
3	3	36	Potenciar o intercambio cultural e lingüístico entre o estudantado local e o que vén facer unha estada na nosa universidade (voluntariado lingüístico, prácticas de acollida lingüística e cultural, bolsa de intercambio lingüístico, etc.)	2008
3	3	37	Estabelecer canles para promovermos a	2009

			internacionalización na casa tirando proveito da presenza de persoas de fóra entre a comunidade universitaria	
Ámbito da docencia				
4	1	38	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas que reforcen o tándem inglés-catalán (por exemplo, se a tese foi redactada en catalán, que sexa posíbel obter unha axuda para revisar un artigo publicábel da tese en inglés)	2010
4	2	39	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para publicar investigación en catalán, nomeadamente naquelas áreas en que se fixer un traballo local, ligado ao territorio	2010
4	2, 3	40	Manter unha convocatoria de axudas para a redacción de teses doutorais en catalán	2008
4	3	41	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para a revisión lingüística de publicacións (por exemplo, para o persoal académico en formación)	2010
4	4	42	Ofertar información para preparar, redactar e comunicar traballos de pescuda en linguas estranxeiras	2008
4	5	43	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para a elaboración de materiais de referencia en diferentes linguas	2010

A seguir son presentadas as actuacións agrupadas por anos.

Ano 2008

Ámbito	Obx.	Núm. actuación	Actuación	Ano
Xer.	-	-	Redefinir a política de liñas de axuda para servizos ligados á lingua, nomeadamente no caso das traducións, co fin de estas liñas de axuda contribuíren a acadar os obxectivos do Programa.	2008
Ámbito institucional e de xestión				
1	1	1	Dispor dun documento de criterios de emprego institucional nas comunicacións institucionais externas	2008
1	3	4	Definir un baremo para determinar o grao de calidade dos documentos partindo de diversos elementos: importancia, grao de institucionalidade, urxencia, etc.	2008
1	3	6	Soporte á corrección e tradución de textos institucionais	2008
1	4	7	Dispor dun documento público (na rede) divulgativo sobre a política lingüística da Universidade en diferentes linguas	2008
1	4	8	Difundir (intranet, rede, comunicacións electrónicas) as actuacións en política lingüística, en canles sectoriais e nun espazo permanente para o Programa de linguas	2008
1	5	9	Dar directrices aos centros para recolleren e forneceren a información	2008
1	6	13	Estabelecer un programa de formación en inglés para o PAS	2008-2009
1	6	14	Estabelecer un programa de formación en inglés para o PDI	2008-2009
1	6	15	Estabelecer o coñecemento doutras linguas como mérito e un programa de formación noutras linguas	2008-2009

Ámbito da docencia				
2	1	17	Definir o nivel inicial de inglés para o grao	2008-2009
2	2	19	Formalizar o recoñecemento das competencias lingüísticas no currículo do estudante	2008-2009
2	2	20	Manter unha política de subvención para a oferta de formación en lingua catalá para a comunidade universitaria	2008
2	4	23	Definir o horizonte de docencia en catalán para o grao	2008-2009
2	5, 6	26	Ofertar formación e programas de soporte personalizados ao persoal docente que quixer incorporar o ensino de terceiras linguas na docencia mediante a integración de contidos e lingua e fomentar a competencia plurilingüe do alumnado	2008
2	6	29	Promover o desenvolvemento e o emprego de aplicacións de tecnoloxía lingüística para facilitar o multilingüismo na documentación académica	2008
Ámbito da acollida lingüística e cultural				
3	1	31	Revisar as canles de información e definir as ideas claves da información sobre a política lingüística e a situación sociolingüística	2008
3	2	32	Incentivar a aprendizaxe do catalán entre o estudantado acabado de chegar: subvención da matrícula dos primeiros niveis e recoñecemento de créditos	2008
3	2	33	Soporte á aprendizaxe do catalán entre o estudantado acabado de chegar: subvención do 50% da matrícula (un nivel por ano académico) e recoñecemento de créditos	2008
3	2	34	Promover o coñecemento e a experimentación da cultura propia mediante a elaboración e a difusión de produtos e a organización de actividades (guía <i>80 pistas</i> , guías de conversa universitaria, actividades culturais e de lecer, etc.)	2008
3	3	36	Potenciar o intercambio cultural e lingüístico entre o estudantado local e o que vén facer unha estadía na nosa universidade (voluntariado lingüístico, prácticas de acollida lingüística e cultural, bolsa de intercambio lingüístico, etc.)	2008
Ámbito da docencia				
4	2, 3	40	Manter unha convocatoria de axudas para a redacción de teses doutorais en catalán	2008
4	4	42	Ofertar información para preparar, redactar e comunicar traballos de pescuda en linguas estranxeiras	2008

Ano 2009

Ámbito institucional e de xestión				
1	2	2	Facer un estudo sobre as linguas da comunidade universitaria	2009
1	2	3	Dispor dun documento de criterios de emprego institucional nestas comunicacións institucionais internas	2009
1	5	10	Elaborar e difundir un modelo que recolla a escala de multilingüismo	2009

1	6	11	Definir lingüísticamente os postos de traballo do PAS	2009
Ámbito da docencia				
2	1	18	Definir se é establecido un nivel de inglés de entrada para os másteres, e de catalán e castelán para o grao	2009
2	3	21	Promover o emprego de probas de detección do nivel de inglés entre o estudiantado de novo acceso e, se posíbel, tamén de catalán e castelán	2009
2	3	22	Promover o emprego de probas de coñecemento do inglés e, se posíbel, doutras linguas, que permitan acreditar o nivel atinxido nesta lingua ao finalizar os estudos universitarios	2009
2	4	24	Introducir este horizonte como obxectivo nos acordos de planificación cos centros e os departamentos	2009
2	4, 6	25	Elaborar un estudo sobre os empregos lingüísticos na docencia de grao e dos másteres oficiais	2009
2	5, 6	27	Elaborar unha guía dirixida ao persoal docente con criterios ou orientacións para a xestión do multilingüismo no aula	2009
2	7	30	Ofertar materias de universidade sobre a lingua e a cultura da poboación inmigrada dirixidas aos estudantes locais.	2009
Ámbito da acollida lingüística e cultural				
3	3	37	Estabelecer canles para promovermos a internacionalización na casa tirando proveito da presenza de persoas de fóra entre a comunidade universitaria	2009

Ano 2010

Ámbito institucional e de xestión				
1	3	5	Dispor dun sistema de revisión e tradución que permita garantir a calidade dos documentos producidos na UAB, nomeadamente dos producidos nos centros	2010
1	6	12	Estabelecer un nivel de inglés como condición xeral para o persoal	2010
1	6	16	Elaborar un relatorio sobre as posibilidades de recoñecemento de méritos lingüísticos do persoal académico	2010
Ámbito da docencia				
2	5, 6	28	Estudar e aplicar incentivos para o persoal docente que incorporar o multilingüismo no aula e que fomentar a competencia plurilingüe do alumnado	2010
Ámbito da acollida lingüística e cultural				
3	2	35	Experimentar coa oferta de cursos que integren a aprendizaxe do catalán e o castelán para o estudiantado acabado de chegar	2010
Ámbito da docencia				
4	1	38	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas que reforcen o tándem inglés-catalán (por exemplo, se a tese foi redactada en catalán, que sexa posíbel obter unha axuda para revisar un artigo publicábel da tese en inglés)	2010
4	2	39	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para publicar investigación en catalán,	2010

			nomeadamente naquelas áreas en que se fixer un traballo local, ligado ao territorio	
4	3	41	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para a revisión lingüística de publicacións (por exemplo, para o persoal académico en formación)	2010
4	5	43	Considerar, e aplicar se posíbel, a convocatoria de axudas para a elaboración de materiais de referencia en diferentes linguas	2010

Para cada actuación serán establecidos uns indicadores que permitan levar a cabo a avaliación da mesma.

4. Avaliación e seguimento

Será realizada unha memoria anual en que se recollan as accións executadas cos indicadores de resultados correspondentes e que será presentada á Comisión de Política Lingüística para ser debatida e aprobada, se posíbel.

Para o ano 2011 está previsto elaborar un documento de síntese do período 2008-2010 e facer unha consulta de avaliación con diversos axentes (alumnado, persoal académico, centros, etc.), coa finalidade de revisar as liñas de traballo e introducir mudanzas nas actuacións, se posíbel.

5. Desenvolvemento e soporte técnico

Propónse crear unha figura designada polo reitor que teña competencias específicas sobre este programa.

O servizo de linguas é a entidade cuxa encomenda é ofertar soporte técnico ao Programa de linguas.

Para desenvolver as actuacións previstas no Programa, serán establecidos mecanismos de coordinación cos principais ámbitos da UAB que están implicados no mesmo: Unidade de Xestión Académica, Unidade de Relacións Internacionais e Unidade de Comunicación e Promoción.